

● EDITORIAL		Páxina 2.
● BREVES:	Desertización Espacios protexidos Somozas Grupos	Páxina 3.
● INFORMES:	Balance Anual de Anelamentos 1993 Sección de Entomoloxía Biblioteca	Páxinas 4-5. Páxina 8. Páxina 9.
● VARIOS:		Páxina 10.
● TABOLEIRO:		Páxina 11.



# editorial

**D**iversos países, entre eles España, adoptaron para a eliminación dos seus residuos nucleares, o sistema de almacenaxe dos mesmos para o posterior enterramento en zonas graníticas estables. ENRESA (é dicir, a Empresa Nacional de Residuos Radioactivos) comenzo o correspondente estudio xeolóxico para decidi-la ubicación do futuro depósito.

Unha vez máis pesa sobre nós a espada de Democles. ¿Tocaranos esa lotería? ¿Será Galicia a comunidade escollida, posto que cumple os requisitos de ser zona granítica estable, ter pouca pouca poboación, por estar dispersa, ademais bastante resignación, o que se debe suma-la toma decisións políticas fóra desta terra?

¿Para cando deixará de planear sobre todos a ameaza nuclear? Unha vez máis débese recordar que a vida media de algúns elementos radioactivos supera os 10.000 anos. Ningunha xeración, desde a especie humana existe sobre o planeta, deixou ós seus sucesores unha herdanza tan terrible. A enerxía nuclear mostra cada día as súas fragilidades. Velaí: a) No transporte do combustible: Lembremo-la coñecida e recente viaxe dun barco cargado de plutonio con destino ó Xapón, viaxe polémica, con prohibición de paso por augas xurisdiccionais de certos países temerosos dun posible accidente ou dunha sabotaxe. b) No almacenamento de residuos. c) Na produción de enerxía: O 26 de Abril de 1986 Chernobil deu a medida do risco do uso pacífico do átomo, exemplo do que nos estamos esquecendo; convén recordar que existen vítimas, entre elas inocentes rapaces contaminados en estado fetal, monstros deformes que esmorecen día a día. E sen ir tan aló temos os problemas que está a presenta-la central de Zorñta (Guadalajara). Resulta

indignante ler nos medios de comunicación como Unión-FENOSA descarta calquera tipo de risco: «Hasta ahora se han localizado numerosas fisuras en los tubos de reserva que atraviesan la tapa de la vasija sin que afecten al resto de la instalación y cuando el programa esté finalizado se procederá a una evaluación completa de la avería y se establecerán las medidas correctoras». Pola súa banda o Consello de Seguridade Nuclear calificou os danos como de «moi importantes en extensión e profundidade», non recomendando a posta en marcha de novo. Serían aquí perfectamente aplicables as palabras pronunciadas polo Profesor da Universidade de Vigo, Xavier Simón: «As empresas tratan sempre de obte-lo máximo beneficio a expensas da contaminación xa que o seu fin primordial é a obtención de beneficios e esta filosofía vai en contra do equilibrio ecolóxico». Pois ben as empresas con fortes inversións no sector enerxético presionan para un cambio no Plan Enerxético de modo que a partir do ano 2000 se incremente a produción de enerxía en plantas nucleares. A debilidade do goberno, co actual problema de paro e crise xeral, dálle novos pulos. ¿Por que este empeño en envelena-lo planeta, en hipoteca-lo futuro? ¿Por que este desquiciado enfoque economicista cando o fluxo enerxético solar representa 80000 millóns de vatios de forma continua, miles de veces máis que o actual consumo enerxético humano? Téñase en conta ademais que en EEUU en tres décadas máis de un tercio da enerxía será de orixe solar. ¿Será que se salda a bo precio a tecnoloxía nuclear obsoleta?

Mentres, en Galicia, (fonte: "As enerxías renovables en Galicia". Gestenga) pódese multiplicar por 2 a enerxía producida por biomasa, por 12 a de orixe xeotérmica, por 250 a solar, por 400 a eólica e por 5000 a mariña. Con esta potencialidade ó alcance da man ¿imos seguir aturando indefinidamente a ameaza nuclear? ■

**A SGHN é ... unha entidade independente, formada en 1973, dedicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten ó redor de 1000 socios. ¿E que facemos?**

**Investigación:** censos de aves invernantes, de mamíferos mariños, de vertebrados en xeral (para o Atlas de Vertebrados de Galicia), de insectos ...

**Divulgación:** voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...

**Protección:** un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrución vertixinosa que está a sufrir-lo medio ambiente galego ...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza). Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)

Teléfono ( 981) 584426.

con delegacións en:

Ourense - Rúa Jesús Soris nº23-2ª eqda. (Apdo. 212)

A Coruña - Apdo. 825

Ferrol - Méndez Núñez 11 (Apdo. 356) tel.352820

Vilagarcía - Apdo. 303

**¡AToPa uN SoCio NoVo eSTe MeS!**



PASPALLÁS é o boletín trimestral da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación.

**Colaboran neste número:**

Diego Vázquez Rey, Bernardo Carrión Velasco, Agustín Alcalde Lorenzo, Xoán Santamaría Cameán, Xosé Manuel Penas Patiño, Lito Romero Hermo, Xusto Calvo Peña, Pilar Antelo Docampo, Francisco Docampo Barueco, María Xosé Tilve Costas, Ramón Feans, Pilar Fernández, X. Dafonte.

**Impreso en papel reciclado**

por Tórculo, Santiago.

Dep.Leg. C 1590/91; I.S.S.N. 1132-0567

## -¿TEN COMENZADO A DESERTIZACION?

No borrador do Plan Nacional do Clima asegúrase que para o ano 2050 a temperatura media de España aumentará en 2.5 graos; as chuvias reduciranse un 10% de promedio anual; e a humidade do solo minguará nin máis nin menos ca un 30%.

- ... E VAN NON SEI CANTAS. OURENSE ACOLLERA 72 MINICENTRAIS MAIS, o que arruinará por completo a flora e a fauna, cun impacto ambiental de consecuencias imprevisibles para as zonas afectadas.

Tristemente xa nin se esgrime o tópico da criazón de postos de traballo, porque o certo é que isto non crea postos de traballo e pola contra destrúense as nosas comarcas ourensanas; ¿a prol de quen?, ¿a prol de que?

- GALIZA ENTRE AS AUTONOMIAS CON MENOS ESPACIOS PROTEXIDOS.

Aínda que é ben sabido, cómpre mentalo unha vez máis. Só Castela-León co 0.39% e Castela- A Mancha co 0.42% adican menor porcentaxe do seu territorio a espazos protexidos ca Galiza: 0.78%. Navarra 1.22%, Canarias 40%, Andalucía con máis de millón e medio de Ha.

- A EUROCAMARA VAI ANALISAR LA UBICACION DA PLANTA DE R.I.T.P. EN SOMOZAS

A Comisión de Peticións do Parlamento Europeo admitiu a trámite unha petición de E.U. a respecto da planta de tratamento de Residuos Industriais Tóxicos e Perigosos de Somozas; e ó parecer, esta comisión vai solicitar información ó goberno central. Pero, ¿ula forza xurídica da Eurocámara sobre as decisións dos nosos politicostes? Porque ademais, ¿seas-caso non lles interesará aos mesmos "eurocameramans", ubicar nalgues os verquidos deste tipo?. ¡Galiza, lugar ideal!

- CONVENIO INTERNACIONAL MARPOL 73/78.

Asinado no ano 1.973 e ratificado por España o 22 de Xuño de 1.984, establece como norma básica que os gobernos garantirán a existencia nos seus portos de instalacións que reciban os residuos procedentes de petroleiros e outros buques. Velái a eficacia no compromiso: o gober-

no español a día 11.03, ano 1.994 vén de aprobar un R.D. polo que se regulan as instalacións de recepción de residuos oleosos procedentes de buques, en cumprimento do compromiso adquirido na data de ratificación do convenio. Se cadra dentro doutros vinte anos, ou outros 20 máis 20,...

- EMPRESAS DE PRODUCTOS QUÍMICOS VENDEN PESTICIDAS PERIGOSAS (DDT) que están prohibidos en países desenrolados a países africanos matando a unhas vinte mil persoas e intoxicando a uns vinte e cinco milloóns cada ano.

O DDT é un insecticida que non é biodegradable e acumúlase na graxa dos seres vivos.


- O DIRECTOR E O ADMINISTRADOR DUNHA EMPRESA QUÍMICA FORON CONDEADOS A UN ANO DE CADEA por un delito ecolóxico en Barcelona. Realizaban vertidos contaminantes o río Congost e preferían pagar as multas antes que instalar unha depuradora.

Cando se iniciaron as actuacións penais e viron que o asunto ía en serio ¡pediron cartos públicos para instalar unha depuradora! ¡Vaia morro!

- O MINISTERIO DE DEFENSA VIRTE Ó MAR a munición que está caduca, este material ten metais pesados como chumbo e mercurio.

Este verquido realízase na foxa Atlántica situada a 55 Kms da Coruña e a unha profundidade de 1.200 m.

O mar segue sendo o gran basureiro da humanidade.



## GRUPOS

O colectivo ecopacifista Xevalle recibiu o premio «Lucenses do ano 1993» en recoñecemento ó seu continuado labor desde a súa fundación en 1988. Merecidamente.

Outra vez a concentración parcelaria: a Plataforma contra a Desertización denunciou a destrución de 11 xacementos arqueolóxicos, ademais do deterioro ecolóxico da Limia. O Parlamento Europeo inspeccionará os resultados para ver se a Xunta está facendo un mal uso dos fondos comunitarios.

ADEGA solicitou do Ministerio de Obras Públicas que as centrais térmicas de Galicia reduzan as súas emisións de SO<sub>2</sub> ata o 80% antes do ano 2000. Actualmente emítense 73800 TM, o 33,7% de todo o Estado.

Convocadas pola Coordinadora Pro Defensa da Natureza 200 persoas percorreron 5 Km para protestar pola construción dunha minicentral hidroeléctrica no río Barbantiño e doutras 72 previstas na provincia de Ourense.

A asociación Ridimoas celebrou a súa Reunión Xeral Anual, informando da adquisición de 28276 m<sup>2</sup> de terreo no devandito monte, onde se repoboou con sobreiras, ademais de actividades no areal de S. Cristovo onde se proxecta un espazo natural protexido.

Co reparto de carballos e castiñeiros o grupo Taraio de Carballo celebrou o Día da Arbore. Destacan que son árbores enraizadas na nosa cultura e na nosa terra e que a idea xurdiu como repulsa á política forestal da Administración.

---

# Breves.breves.breves



# BALANCE ANUAL DE ANELAMENTOS 1993



Especie	Polos	Trampeados	Total
<i>Puffinus gravis</i>	-	1	1
<i>Sula bassana</i>	-	1	1
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	89	20	109
<i>Charadrius alexandrinus</i>	2	-	2
<i>Calidris ferruginea</i>	-	5	5
<i>Calidris alpina</i>	-	25	25
<i>Gallinago gallinago</i>	-	1	1
<i>Numenius phaeopus</i>	-	1	1
<i>Numenius arquata</i>	-	1	1
<i>Tringa tonatus</i>	-	4	4
<i>Tringa nebularia</i>	-	1	1
<i>Actitis hypoleucos</i>	-	9	9
<i>Larus cachinnans</i>	1	7	8
<i>Columba livia</i>	2	-	2
<i>Tyto alba</i>	-	1	1
<i>Caprimulgus europaeus</i>	-	1	1
<i>Apus apus</i>	-	1	1
<i>Upupa epops</i>	-	1	1
<i>Alauda arvensis</i>	-	1	1
<i>Riparia riparia</i>	-	35	35
<i>Hirundo rustica</i>	33	2	35
<i>Montacilla flava</i>	-	20	20
<i>Prunella modularis</i>	-	2	2
<i>Erithacus rubecula</i>	-	9	9
<i>Phoenicurus ochruros</i>	4	-	4
<i>Saxicola torquata</i>	6	3	9
<i>Turdus merula</i>	-	5	5






# BALANCE ANUAL DE ANELAMENTOS 1993

Especie	Polos	Trampeados	Total
<i>Turdus philomelos</i>	-	1	1
<i>Cisticola juncidis</i>	-	3	3
<i>Hippolais polyglota</i>	-	2	2
<i>Sylvia melanocephala</i>	-	1	1
<i>Sylvia borin</i>	-	1	1
<i>Sylvia atricapilla</i>	-	8	8
<i>Phylloscopus collybita</i>	-	6	6
<i>Phylloscopus trochilus</i>	-	2	2
<i>Parus caeruleus</i>	-	3	3
<i>Parus major</i>	-	3	3
<i>Sturnus unicolor</i>	-	5	5
<i>Passer domesticus</i>	-	33	33
<i>Passer montanus</i>	-	8	8
<i>Fringilla coelebs</i>	-	1	1
<i>Serinus serinus</i>	-	5	5
<i>Carduelis chloris</i>	-	12	12
<i>Emberiza schoeniclus</i>	-	6	6
<b>Total especies: 44</b>	<b>137</b>	<b>257</b>	<b>394</b>



# TAMÉN COLABORAMOS COA NATUREZA



REPUBLICA DE EL SALVADOR, 9  
TELEFONO 565812 - FAX 572239  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

FOTOCOPIAS - OFFSET - MEMORIAS  
REPRODUCCION DE PLANOS  
ENCUADERNACIONES

## COPYNINO

General Pardiñas, 2  
Teléfono 58 89 38




Santiago de Chile, 24  
Teléfono 59 64 81

SANTIAGO DE COMPOSTELA



SANTIAGO

VELOCIPED  
BICICLETAS DE MONTAÑA  
Y DE COMPETICION  
C/ Rúa de San Pedro, 23  
☎ 58 02 60



DELTA  
ACADEMIA DE ENSEÑANZA

Plaza de Vigo, 1-Entlo.  
Teléfono 59 96 27

Stgo. de Guayaquil, 5-1.ª planta  
Teléfonos 56 43 24 - 56 45 34

15701  
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA



orbi sport

Orbi Sport co deporte e a NATUREZA.  
Precios especiais para os socios.  
C/ Rosalía Castro, 56, Santiago. Tif. 596188

# TAMÉN COLABORAMOS COA NATUREZA



## VigoFoto

FOTOGRAFIA, CINE, VIDEO Y SONIDO  
REPARACIONES

LAXE, 11 y 13

TELEFONOS: (986) 22 72 88 - 22 72 89

FAX (986) 22 19 04

36202 VIGO

VISITANOS, TENEMOS GRANDES OFERTAS  
PARA LOS AMANTES DE LA NATURALEZA  
Presentando el CARNET de Socio accederás a los precios más exclusivos.




LIBRERIA  
FOLLAS NOVAS, S. L.

MONTERO RIOS, 37 - APARTADO 504  
T.L.F.'S. 59 44 06 - 59 44 18 - FAX 59 06 12

15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

## tendas ecolóxicas COREO



LAVERDE RUÍZ, 2  
Telf. 56 54 87  
SANTIAGO

Xeneral Tella, 6  
Tel. 25 0 198  
LUGO

Pintor Laxeiro, 10  
Tel. 20 23 38  
VIGO

## Academia Universitaria

Alferez Provisional  
(Plaza Roja)  
Teléfono 59 45 77  
SANTIAGO



Mundo Juvenil

Rúa de San Pedro, 46  
Teléfono 58 69 55

Montero Ríos, 35  
Teléfono 59 37 59

Poílgono del Tambre  
Ciudad del Transporte, 72  
Teléfono 57 56 29

SANTIAGO DE COMPOSTELA

¡ Da vida ó teu fogar !



## MAYSO LIBRERIA, S.L.

C.I.F. B-15353105

- Libros E.G.B. - B.U.P. - C.O.U. y UNIVERSIDAD
- LIBRERIA GENERAL
- MATERIAL ESCOLAR Y DE OFICINA
- SECCION ESPECIALIZADA EN EDUCACION INFANTIL

Rosalía de Castro, 23  
Teléfono 59 43 73

15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

# sección de entomoloxía

A sección de Entomoloxía edita un boletín de seu: "O Escornabois", pero a partir de agora tamén vai empregar a un irmán seu: o PASPALLÁS como viero de comunicación. Se estás interesado en colaborar con esta sección ponte en contacto connosco.

## Revistas revisadas:

"Boletín de la Asociación Española de Entomología".  
Volume 15 (1991).

- C. A. Collingwood. Especies raras de hormigas del género *Lasius* en España (*Hymenoptera, Formicidae*) p. 215-220.
- X. L. Rey Muñiz. *Ergates faber* (L., 1767) en el Noroeste Peninsular (*Col. Cerambycidae*) p. 336.
- J. Alba Teceador & I. Pardo. Primera cita de *Baetis catharus* Thomas, 1986 en la Península Ibérica (*Ephemeroptera, Baetidae*) 344.

Volume 16 (1992).

- Jorge A. Ramos-Abuín. Algunas notas de *Dromiini* (*Coleoptera, Caraboidea*) en eucaliptales del Noroeste de La Península Ibérica pp. 123-128.
- J. A. Díaz Pazos & J. C. Otero. Nuevos datos sobre *Hydraena* (*Hydraena*) *lusitana* Berthelemy & Terra, 1977 y *Limnebius* (*Limnebius*) *ibericus* Balfour-Browne, 1978 (*Coleoptera, Hydraenidae*), en Galicia. pp. 171-176.
- J. C. Otero & J. A. Díaz Pazos. La subfamilia *Rhizophaginae* Redtenbacher, 1845 en la Península Ibérica (*Coleoptera, Rhizophagidae*). I pp. 183-192.

Volume 17(1) (1993).


- B. Sabio González & D. García Jalón. Estacionalidad y zonación en la estructura del macrobentos en distintos ríos gallegos. pp. 91-108.

"EOS" (Museo Nacional de Ciencias Naturales)  
Volume 66(2) (1991).

- M. Biondi. Note faunistiche, tassonomiche ed ecologiche su alcune specie di *Chrysomelidae Alticinae* della Penisola Iberica (*Col.*) pp. 173-187.
- Volume 67 (1991).
- M. Meregalli. Note su alcuni *Otiorhynchus* iberici del grupo di *O. stricticollis* fairmaire con descrizione di quattro nuovi taxa (*Col. Curculionidae*). pp. 85-101.
- J. C. Otero & J. A. Díaz Pazos. Notas sobre *Cryptophagus spadiceus* Falcoz, 1925 y *C. jelineki* Reska, 1982 (*Col., Cryptophagidae*) pp. 103-105.

O Banco de Datos que se está a formar atópase a disposición daqueles que o soliciten. Para máis información dirixirse a: S.G.H.N., Sección de Entomoloxía. Apdo. 303; 36600 Vilagarcía (Pontevedra).

A remates do ano 1992 editouse o nº 6 dos Voceiros de Divulgación da Sociedade, trátase dun monográfico sobre o avance do Programa ESENGA, e nel podemos ver-los primeiros froitos. Este ambicioso, interesante e necesario estudio consiste principalmente no cartografiado da entomofauna galega.



Podemos ver no gráfico e mapa adxunto o período de presenza e abundancia relativa\* dos imagos e distribución da *Pararge aegeria* en Galicia.


\*Este período é orientativo dado o curto volume de datos cos que se conta ata agora.

Os interesados en conseguir-lo Avance do Programa ESENGA (32 páxs.) pódeno solicitar á Sección de Entomoloxía enviando 350 Pts. os socios e 400 os non socios. (incluído envío certificado).

**A colabora neste programa está aberta a todo o mundo, sexa ou non da Sociedade, polo que os interesados pódense por en contacto coa Sección a través do Apdo. 303; 36600 Vilagarcía**

## ¡¡ATENCIÓN!!

En referencia á vindeira publicación do Programa ESENGA, necesitamos recoller **exuvias** de Odonata, (Cantas máis mellor). Enviádeas directamente, ou a través da vosa Delegación a esta Sección, indicando lugar e data e o medio onde se colleu (río, charca, etc.). Para máis información dirixirse a esta Sección.





# biblioteca

## últimas adquisicións

### ORNITOLOXIA

«Guía das aves de Galicia» Xose M. Penas Patiño, Carlos Pedreira López, Carlos Silvar. Edicións BAHIA.  
«Veciños do Home» Xurxo de Viveiro et al. Ed.XERAIS.  
«Handbook of the birds of the world» Del Hoyo et al. Ed.LYNX.  
«Informe sobre la campaña de anillamiento de aves en España» Ano 1991 y Ano 1992.  
«Birds of Europe, the Middle East and North Africa» Stanley Kramp et al. OXFORD.  
«Resultado del censo de Aves invernantes en Galicia, ano 1992-93» Xunta de Galicia.  
«Mortalidad de pollos de cigüeña...» CODA  
«Inspección costera de aves orilladas» CODA, Febrero 1993.

#### Publicacións Periódicas.

«LA GARCILLA». Boletín da SEO nº88.  
«ARDEOLA». Organo da SEO Vol.40(1).  
«AIRO»  
«BIRDS» The magazine of RSPB. Spring 1994.  
«LE HERON» Nouvelles du grup des jeunes de «NOS OISEAUX» nº 176.  
«Boletín do «Grup Català d'anellament» Volume 9.

### ICTIOLOXIA E MEDIO MARIÑO

«Guía de Bajamar» Luis Míguez et al. Casa de las ciencias.// Donativo da editorial.  
«Guía de los peces» Joaquín Villoch. Casa de las ciencias.// Donativo da editorial.  
«Guía da pesca fluvial» Xunta de Galicia.  
«Guía ecolóxica das cunchas e moluscos de Galicia» Emilio Rolán. Ed. XERAIS.  
«Guía de los mariscos» Joaquín Villoch. Casa de las ciencias, Coruña//Donativo de la editorial.

#### Publicacións Periódicas.

«Mar» nº 310 Xaneiro 1994//Donación da editorial.  
«Scientia Marina» Volume 57 nº1.  
«Boletín de la Federación Española de Actividades Subacuáticas» nº2, Setembro-Dicembro 1993.  
«La costa: un desafío europeo» Publicacións da EUCC.  
«Coastline» Revista da EUCC. nº1, 1993.

### HERPETOLOXIA

«Guía dos anfibios e Reptiles de Galicia» Pedro Galán e Gustavo F. Arias. Ed.XERAIS.

### ESPACIOS NATURAIS

«Ares importantes para las Aves de España» Eduardo de Juana. SEO.  
«Baldaio, Espacio Natural protexido» Varios autores. Edicións BAHIA.  
«Rutas pola Serra do Barbanza, Natureza, Arqueoloxía e Sociedade» Xulio Gutiérrez Roger.

Ed.XERAIS.

«Guía del Parque Regional de la Cuenca Alta del Manzanares» Agencia de Medio Ambiente.

«Guía de las Rutas de Galicia» Ed. Caixa Galicia.

«Guía do complexo dunar de Corrubedo»

### BOTANICA

«Estudios Paleobotánicos y Edafológicos en Yacimientos Arqueológicos de Galicia» Mª Jesús Aira R. et al. Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental. Xunta de Galicia.

«Coñece as nosas árbores» Xulio Aster Camiño et al Ed.XERAIS.

«Nomenclatura vernácula da flora vascular galega» E.Losada Cortiñas et al. Xunta de Galicia.

«Manual del plantabosques» coordinadora Madrileña de Defensa de la Naturaleza.

#### Publicacións Periódicas.

«Anales del Jardín Botánico de Madrid» Volumen 51(1), 1993 CSIC.  
Boletín de «BELLARRA» Sociedad Micológica de Barakaldo. nº9.  
«RIVASGODAYA» Asociación Española de Fitosociología.

### AGRICULTURA

«Unidade didáctica sobre os incendios forestais» Xunta de Galicia.

«Las prácticas Agrícolas y el Medio Ambiente» Manuel Mª Davila. Secretaria GralTécnica//Donativo de X.M.Penas Patiño.

«Evolución de los riesgos de erosión en zonas afectadas por incendios Forestales en la provincia de Málaga» CODA.

«Economía agraria gallega, modernización y convergencia con la CEE» Gonzalo Fernandez.

«Piornedo, estudio básico para a rehabilitación dunha aldea gallega» Pedro del Llano et al//Donación de X.M.Penas Patiño.

«Anuario de Estadística Agraria» Xunta de Galicia. 1991//Donación da editorial.

«Agropecuaria» Información bibliográfica, Outubro 1993.

«Feiras e Mercados de Galicia» Xunta de Galicia//Donación Xaquín Penas Patiño.

«A Meteoroloxía e os incendios forestais» Xunta de Galicia.// Donación Xaquín Penas Patiño.

«A estatística na Agricultura» Xunta de Galicia, 1991//Donación Xaquín Penas Patiño.

«Plan forestal de Galicia» Xunta de Galicia.// Donación Xaquín Penas Patiño.

#### Publicacións Periódicas.

«Xovenes Agricultores» nº 105, Febreiro 1994//Donación da Editorial.

### LEXISLACION E CONTAMINACION

«Protección de la Naturaleza» ICONA//Donación X.M.Penas Patiño.

«Proyecto de gestión de R.S.U. de Galicia»

Donación Xaquín Penas Patiño.  
«Jornadas sobre procedimientos jurídicos y Medio Ambiente» Octubre 1993. CODA.

#### Publicacións Periódicas.

«WARMER»: World Action for Recycling Materials and Energy from Rubbish.nº37 Maio 1993  
«ACID NEWS» nº4 Outubro 1993.

### PUBLICACIONES CIENTIFICAS

«Estudios del museo de Ciencias Naturales de Alava» Volumen 7.

«ARA» Boletín del Centro de Estudios Epigráficos da Beira. nº3.

«ARKEIOKUSKA 92» Investigación arqueológica.

«ORSIS» Organismos y sistemas Vol. 8, 1993.

### ECOLOXIA E MEDIO AMBIENTE

«Consumo e ecoloxía» M.Chouza, R.Cid//Donación X.M.Penas Patiño.

«La necesidad del examen del cazador» CODA.

«El papel.Su impacto en el Medio Ambiente» GREEMPEACE.

«El movimiento Ecologista en la gestión de los espacios naturales protegidos» CODA.

«It's not all stars ...» Publicación de «A SEED»

#### Publicacións Periódicas.

«(TODO)» Cuadernos de Educación Ambiental nº 1-4.

«QUERQUS» nº 98.

«PERIPLO» nº 113.

«GREENPEACE» nº 28.

«NATUROPA» Council of Couseil de l'Europe nº 73.

«Información de Medio Ambiente» MOPT nº 26.

«CERNA» Revista de ADEGA nº8 Outubro 1993.

«LA CASA VERDA» nº79 Xaneiro-Febrero 1994.

### BOLETINS DE GRUPOS ECOLOXISTAS

- Boletín de «ADENEX»  
- «DALMACIO» Boletín de D.A.L.M.A.  
- Boletín de AUDEM.  
- «ECORAMA» Boletín de la «Coordinadora Madrileña de Defensa de la Naturaleza.  
- «ROBIN WOOD» Boletín do grupo Arco Iris.  
- «ECOGRAFIA» Boletín do grupo COMADEM.  
- «HIEDRA»  
- Boletín del FAPAS.  
- Boletín del G.O.B.  
- «CEM x CEM» Boletín do Colectivo de Educación Medioambiental.



# Varios vArios vaRios varlos variOs varioS

## COASTWACHT GALICIA

**N**omes de Outubro do 93 realizouse o muestreo do litoral galego para o Programa Coastwatch. Como sabes este ano Galicia participou por primeira vez no proxecto, polo que houbo algunhas dificultades que se irán subsanando en próximos muestreos.

Os datos desta campaña serán publicados próximamente, pero queremosvos adiantar un pequeno resumo:

O litoral galego dividiuse en 185 bloques de 10 Km. Cada un (56 en Pontevedra, 104 na Coruña e 25 en Lugo) é dicir, 925 Km. A diferenza entre este dato e os 1.737,5 Km. de costa real débese a que dos bloques foron excluídos as illas litorais, os esteiros e os fondos da ría.

Como era previsible, non se ía mostrear toda a beiramar pero intentouse que estivesen representados tódolos ambientes litorais, definindo bloques prioritarios.

Participaron 1.740 persoas (13 centros de E.X.B., 17 Institutos de B.U.P. e FP, 7 Colectivos Ecoloxistas e 13 grupos de amigos)

Mostreáronse 239,5 Km. (171,5 en Pontevedra, 49,5 na Coruña e 18,5 en Lugo) aproximadamente un 25% do litoral.

Considérase que o 20% da zona Supralitoral está moi porca, o 40% moderadamente porca e o outro 40% moi limpa mentras que para a Mesolitoral os datos son: 10%, 31% e 59% respectivamente.

Contáronse 1.012 neumáticos, e referente ós envases os datos son: 6.475 de vidro, 11.183 latas, 22.897 de plástico, 627 cintas portalatas, e 3.094 envases de cartón.

Hai que destacar a presenza de aceite e petróleo nun 80% da costa mostreada e a presenza de contenedores químicos, pilas... no 30% do litoral.

Todos estes danos aportánnos unha pequena idea dos nosos hábitos de consumo e da necesidade de melloralos.

**Si queres participar na campaña de muestreo do 94 que se levara a cabo en Outubro chama ó teléfono do local da S.G.H.N. en Santiago. (584426)**

## HOMENAXE A FREIRE

**O** Grupo Micolóxico Galego durante a celebración IV Congreso Galego-Luso de Macromicoloxía (28 de Abril-1 de Maio) homenaxeou ó seu actual Presidente D. Luís Freire García. Freire, de quen nos temos que enorgullecer por ter sido presidente da Sociedade Galega de Historia Natural, cumpre os oitenta anos.

Chegar a esa idade é motivo de satisfacción, sobre todo se esa longa vida significa unha continua adicación á investigación e un permanente contacto coa natureza. Pero contra ó que algúns poden supoñer e fronte á actual tendencia á superespecialización non é Freire unicamente un «técnico» nun moi concreto eido das ciencias naturais, senón unha persoa de versátiles saberes, que me deixou solprendido nunha ocasión falándome de Plinio ou que me prestou noutra ocasión un libro da súa biblioteca que eu non atopaba por ningures e que aparentemente nada tiña que ver co mundo da micoloxía; estoume a referir a «Las ballenas» de Mariano de la Paz Graells. A esta faceta de home culto quero uni-la faceta de home afable, admirado polos seus alumnos, querido polos seus amigos. Ter xente que te aprecie despois de toda unha vida e nos tempos competitivos que nos tocou vivir non é pouco, e por isto e por esas oitenta primaveras facendo ciencia para Galicia. ¡Noraboa, Luis!

*Xosé M. Penas Patiño.* Presidente da Sociedade Galega de Historia Natural

## CARREGUEIROS: NOVO PROXECTO EN BOIRO

**D**espois do convenio para a actuación (aínda en fase de execución) na lagoa de Abanqueiro, a alcaldía do Concello boirense segue na liña de recuperar-lo seu patrimonio natural, algo francamente infrecuente nas nosas administracións locais. Unha vez máis ven de dirixirse á SGHN a fin de elaborar un proxecto para a rexeneración das dunas e lagoas de Carregueiros; na actualidade as dunas son usadas como estrada e aparcamento, especialmente no verán e unha das lagoas, totalmente modificada, úsase para cultivos mariños. O principal perigo é o comezo de venda de parcelas para segundas residencias. Próximamente expoñerémo-las liñas básicas do proxecto.




# o taboleiro

## COLECCIÓN DE VERTEBRADOS. NOVAS DONACIÓNS


- LAVANDEIRA BRANCA: *Motacilla alba*.  
Leg: Santamaría Cameán, X.
- CARRIZO (adulto femia): *Troglodytes troglodytes*.  
Leg: Penas Patiño, X.M.
- CARRIZO (inmatureo): *Troglodytes troglodytes*.  
Leg: Penas Patiño, X.M.

## CITA

Cita notable dunha parella de lavandeiras (*Motacilla alba*) na que o macho é normal pero a femia totalmente albina (Lariño, 10-03-94), referencia que se debe e agradece á Escola Taller de Muros e en especial a Xosé Luís Calvo.



## AQUÍ ANDAMOS



### Mil socios para defender el medio ambiente en la ciudad

La Sociedade Galega de Historia Natural pretende que materialice al menos una ruta proyectada al municipio de Entrimo en defensa del medio compostelano. Los cerca de 100 socios que esta asociación en la ciudad marcha un se verde (el 5º de marzo) al Concello de Santiago para solicitar un programa de educación ambiental no que se ofrece a la Sociedade Galega de Historia Natural en colaboración con la Sociedad Española de Ornitología, va a realizar un censo de aves en la zona costera comprendida entre el municipio de Ferrol y la Ria de Cedeira. La actividad, que se desarrollará los próximos días 26 y 27, consistirá en la recogida y clasificación de todas las aves marinas que mueran en la costa. Para llevar a cabo esta colaboración de todas las personas que quieran participar en el censo, un miembro de la sociedad, por lo que no es necesario que los participantes en esta tarea gan conocimientos sobre la materia.

### GALICIA Denuncian la construcción de 3 minicentrales hidroeléctricas en Entrimo




OURENSE, Delegación provincial de la Sociedade Galega de Historia Natural. El delegado provincial de la Sociedade Galega de Historia Natural en Ourense, Antonio Villardi, ha remitido un escrito al Concello de Santiago para solicitar un programa de educación ambiental no que se ofrece a la Sociedade Galega de Historia Natural en colaboración con la Sociedad Española de Ornitología, va a realizar un censo de aves en la zona costera comprendida entre el municipio de Ferrol y la Ria de Cedeira. La actividad, que se desarrollará los próximos días 26 y 27, consistirá en la recogida y clasificación de todas las aves marinas que mueran en la costa. Para llevar a cabo esta colaboración de todas las personas que quieran participar en el censo, un miembro de la sociedad, por lo que no es necesario que los participantes en esta tarea gan conocimientos sobre la materia.

### Vivir a natureza

O Concello de Santiago e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) puxeron en marcha durante este ano un programa de educación ambiental no que se ofrece a la Sociedade Galega de Historia Natural en colaboración con la Sociedad Española de Ornitología, va a realizar un censo de aves en la zona costera comprendida entre el municipio de Ferrol y la Ria de Cedeira. La actividad, que se desarrollará los próximos días 26 y 27, consistirá en la recogida y clasificación de todas las aves marinas que mueran en la costa. Para llevar a cabo esta colaboración de todas las personas que quieran participar en el censo, un miembro de la sociedad, por lo que no es necesario que los participantes en esta tarea gan conocimientos sobre la materia.

## Censo de aves marinas muertas en Ferrolterra

La delegación de la Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), en colaboración con la Sociedad Española de Ornitología, va a realizar un censo de aves en la zona costera comprendida entre el municipio de Ferrol y la Ria de Cedeira. La actividad, que se desarrollará los próximos días 26 y 27, consistirá en la recogida y clasificación de todas las aves marinas que mueran en la costa. Para llevar a cabo esta colaboración de todas las personas que quieran participar en el censo, un miembro de la sociedad, por lo que no es necesario que los participantes en esta tarea gan conocimientos sobre la materia.



## ¡FAITE SOCIO!

Para facerte socio da Sociedade Galega de Historia Natural durante un ano, fotocopia esta ficha, cúbrea, recórtala e mándaa á:  
SGHN, Apdo 330, Santiago.

¡Apoia o noso labor a favor da natureza galega!

Apelidos: \_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_\_


Enderezo: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Categoría de socio (indica con cruz):  
 Plenario cuota anual: 3.000 ptas  
 Infantil (ata 12 anos) 750 ptas  
 Xuvenil (ata 18 anos) 1.500 ptas  
 Estudiante 2.250 ptas  
 Familiar 4.500 ptas  
 Protector (toda a vida) 150.000 ptas  
En tódolos casos, recibirás o boletín "Paspallás" cada 3 meses.



Domiciliación:

Banco / Caixa: \_\_\_\_\_

Sucursal: \_\_\_\_\_

Nº de conta: \_\_\_\_\_

Sr. Director do Banco / Caixa de Aforros:

prégolle admita os recibos que no sucesivo lle

remita a Sociedade Galega de Historia Natural,

dende a data: \_\_\_\_\_

Sinatura: \_\_\_\_\_

REMITE: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL,  
APDO 330, SANTIAGO.

**P**or moito que defendamos as baleas ou a aguia moneira de Filipinas, o principal beneficiario do meu traballo e do movemento ecoloxista mundial é o ser humano.

*Joaquín Araújo.*

*Premio Global 500 das Nacións Unidas.*

## PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural.



¡AtOpA uN  
nOvO sOcIo!

PERIÓDICOS